

V | Viernes, 29 de enero del 2010

Cultura

A AELG apoia a defensa da creación literaria en galego feita por once premios nacionais

La Voz

REDACCIÓN | A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) expresou onte o seu apoio aos once escritores galegos galardoados co Premio Nacional en distintas modalidades literarias que esta semana rexeitaron «a análise negativa da cultura galega» feita polo conselleiro Roberto Varela. O colectivo salientou onte que comparte «o seu reclamo da necesaria valoración responsable e obxectiva para a cultura galega, pensada e (re)creada en galego».

A AELG destaca que a propia concesión dos Premios Nacionais a escritores e escritoras en lingua galega «ratifica a capacidade dos nosos creadores e creadoras» como autores

«dunha creación literaria exportable alén das nosas fronteiras que nos enche de orgullo e admiración, e que só requiere destinatarios e receptores con vontade de se aproximar a ela».

«Coñecer e recoñecer publicamente a cultura galega en xeral, e a literatura galega dos nosos escritores en particular, é o primeiro paso necesario para superar tópicos arcaicos e caducos», engade o comunicado deste colectivo que engloba a 381 autores.

Pola súa banda, a Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (Gálix) expresou o seu apoio ao comunicado feito público pola AELG.